



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf.: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA DEZASEIS DE XULLO DO 2015**

#### **SRES. ASISTENTES:**

Dª. Rocío López García .  
D. Manuel Arango Ron.  
D. Carlos Rivas Rivas.  
Dª. Ma. Mercedes Dengra Sixto.  
D. Francisco Dasilva Rivas.  
D. Miguel Castrillón Fernández  
Dª. Mª Emma Álvarez Chao.  
D. Fco. Javier Rguez. Barreira.  
Dª. Josefa Rodríguez Lorenzo.  
D. Pablo Maseda Fernández.  
D. Angel Fernández Villalba.

#### **Secretaria -Interventora:**

Dª. Begoña González Pedregal.  
=====

No Salón de Actos da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as vinte horas e dez minutos do día DEZASEIS de XULLO do 2015, reúnense os señores concelleiros electos enumerados ó marxe, actuando como Secretaria e dando fe do acto, Dª. Begoña González Pedregal ó obxecto de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia pasouse ó exame e deliberación dos asuntos comprendidos na Orde do Día, adoptándose os acordos que seguidamente se relaciona:

#### **1º.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO B.N.G., SR. D. ANGEL FERNÁNDEZ VILLALBA.**

En primeiro lugar pola Secretaría -Intervención deuse lectura ó escrito remitido pola Xunta Electoral de Zona de Mondoñedo o día 06/07/15 no que se informaba sobre a renuncia do concelleiro electo que figuraba como núm.1 na candidatura Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas-B.N.G., D. César Docampo Fernández, quen, devolvendo a credencial, non chegou a tomar posesión e que polo tanto a Xunta Electoral procedera a proclamar e expedir credencial ó concelleiro que figuraba co núm. 2 na lista, D. Angel Fernández Villalba.

Seguidamente , o Sr. D. Angel Fernández Villalba, de conformidade co disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral 5/85 de 19 de xuño, procedeu a promete-lo seu cargo de concelleiro electo do B.N.G., ante a Constitución e utilizando a fórmula prevista para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

#### **2º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 17 DE XUÑO DO 2015.**

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data DEZASETE de XUÑO de dous mil quince (17/06/15) distribuída coa convocatoria, por parte do Sr. Fernández Villalba indicouse que no punto segundo , apartado b) , no derradeiro parágrafo di : "As sesión ordinarias

*da Xunta de Goberno Local serán mensuais e celebraranse os luns cada quince días ás trece (13,00) horas*", e entende que é contraditoria a redacción. Pola Alcaldía aclarouse que efectivamente houbera un erro na redacción e que tería que dicir "quincenais" e non "mensuais".

Aprobada por unanimidade dita modificación o texto da acta quedará redactado da seguinte maneira: "*As sesión ordinarias da Xunta de Goberno Local serán quincenais e celebraranse os luns cada quince días ás trece (13,00) horas*".

A continuación tomou a palabra a Sra. Álvarez Chao, concelleira do P. Popular, quen indicou que o seu grupo tamén observara dito erro e por outro lado gustaríalle que constara no punto terceiro da acta, "Proposta da Alcaldía - Presidencia referente a recoñecemento da súa dedicación exclusiva", as súas declaracóns sobre a baixada do soldo da Sra. Alcaldesa e que non aparecían transcritas tal e como elas dixéraas e que foran as seguintes:

*"... e que ela mesma cando era Alcaldesa tamén baixárase o soldo, aproximadamente uns 1.500,00 Euros e que para fixar a súa asignación presentara a nómina da súa anterior empresa onde traballara e gustaríalle saber cales foron os criterios da actual Alcaldesa para a fixación do seu salario. E que un Alcalde non era caro o barato senón en función das xestións que realizara."*

Sometida votación, foi aprobada por unanimidade a inclusión de dita aclaración no borrador da acta que polo tanto quedaría redactada da seguinte forma:

*"A Sra. Álvarez Chao sinala que lle parece positivo a baixada do soldo e que ela mesma cando era Alcaldesa tamén baixárase o soldo, aproximadamente uns 1.500,00 Euros e que para fixar a súa asignación presentara a nómina da súa anterior empresa onde traballara e gustaríalle saber cales foron os criterios da actual Alcaldesa para a fixación do seu salario. E que un Alcalde non era caro o barato senón en función das xestións que realizara."*

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNNS DA ALCALDÍA REFERENTES A:**

A continuación, por parte da Sra. Alcaldesa, Dña. Rocío López García, deuse lectura ás Resolucións que se transcriben literalmente a continuación e que conforman o punto terceiro da convocatoria:

#### **A) NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE.**

"Dña. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOURENZÁ, PROVINCIA DE LUGO,

*Vista a celebración das eleccións municipais o día 24 de maio de 2015 e procedéndose o día 13 de xuño de 2015 á constitución da nova Corporación Local. En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto no artigo 61 .2 da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local en Galicia,e nos artigos 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, corresponde ó Alcalde/sa designar libremente ós Tenentes de*



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf.: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



Alcalde/sa e polo tanto VEÑO EN DISPOÑER: Primeiro.- Designar como 1º Tenente de Alcalde a D. Manuel Arango Ron, como 2º Tenente de Alcalde a D. Carlos Rivas Rivas e como 3º Tenente de Alcalde a Dª. Mercedes Dengra Sixto.

Segundo.- Os citados Tenentes de Alcalde substituirán na totalidade das súas funcións ó Titular da Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite este para o exercicio das súas atribucións, na orde de designación.

Terceiro.- Notificar persoalmente a presente resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contra.

Carto.- O traslado asómesmo do Decreto á Delegación do Goberno de Lugo, a Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da resolución pola Alcaldía.

Quinto.- A dación de conta ó Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a trinta de xuño do 2015. Segue sinatura."

## B) NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NELA.

"Dª. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOURENZÁ, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co establecido nos artigos 21.3, 23.1 e 2 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigos 43,44,52,53 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e os artigos 61.3 e 65 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia,e

Considerando que a Xunta de Goberno é un órgano necesario no Concello por estar disposto así en acordo plenario de data 17/06/2015 sendo o número de membros que a integran, equivalentes ó tercio do número legal de membros da Corporación.

Corresponde á Alcaldía o libre nomeamento do concelleiros como membros da Xunta de Goberno Local é conferir delegacións en favor de esta, e polo tanto,

VEÑO EN DISPOÑER:

PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros:

- D. Manuel Arango Ron, 1º Tenente de Alcalde.
- D. Carlos Rivas Rivas, 2º Tenente de Alcalde.
- Dª. Mercedes Dengra Sixto, 3ª Tenente de Alcalde.

SEGUNDO.- Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebraranse os luns cada quince días ás trece (13,00) horas.

TERCEIRO.- Declarar na Xunta de Goberno Local como órgano colegiado, as atribucións seguintes:

### A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENCIAS:

1.- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral que non este expresamente atribuído ó Pleno.

2.- A aprobación dos instrumentos de xestión urbanística non atribuídos ó Pleno pola legislación urbanística e dos Proxectos de Urbanización.

3.- O outorgamento de licencias de edificación, demolición e urbanísticas en xeral que impliquen actos de uso do solo e do subsolo e requirian previa licencia urbanística, instadas o realizadas por particulares, empresas o entidades públicas.

4.- A concesión de licencias de apertura de establecementos de calquera índole.

5.- A emisión de informacións de orden urbanístico.

6.- A emisión de informe nos procedementos para a tramitación da autorización autonómica en solo rústico.

7.- A emisión de informe e aprobación dos expedientes suxeitos á normativa de Avaliación Ambiental así como a concesión das correspondentes licencias.

8.- A concesión de licencias de fin de obra e de primeira ocupación das edificacións.

9.- Outorgamento de Licencias sometidas ao Regulamento de Espectáculos Públicos excepto a autorización de bailes e verbenas populares.

10.- Toma de razón de declaración responsable ou comunicación previa de apertura de establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental.

11.- A resolución de expedientes contra particulares por infraccións urbanísticas ou contra as normas de policía urbana, rural e medio ambiente, sen prexuízo das atribucións de impulsión de trámites e expedientes pola Alcaldía.

**B) EN MATERIA CONTRACTUAL:**

1.- As contratacións de obras, de suministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais, contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do presupuesto nin, en calquera caso, os 6.000.000 de euros, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada referida ós recursos ordinarios do presupuesto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2.- A adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmóbiles e dereitos suxeitos á legislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presupuesto nin o importe de tres millóns de euros.

2.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos, os de seguridade e saúde e demais necesarios para a execución das obras municipais cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Alcalde e estean previstos no Presuposto.

3.- A aprobación das formas e procedementos de contratación nos expedientes ós que se refire ó apartado primeiro.

4.- A aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e, en todo caso, de Prescripcións Técnicas para as contratacións e concesións de toda clase nas que a competencia este atribuída á Alcaldía.

**C)EN MATERIA SANCIONADORA:**

1.- Sancionar as faltas de desobediencia á Alcaldía ou por infracción ás Ordenanzas Municipais, excepto que tal facultade este atribuída ó Pleno.

2.- Sancións en materia de persoal.

**D)EN MATERIA ECONÓMICO-FINANCEIRA:**

**D.a)En materia de Gastos:**

1.- As autorizacións e disposicións do gasto e recoñecemento das obrigacións derivadas das materias contractuais delegadas na letra B, desta Resolución.

2.- O outorgamento de subvencións dentro dos créditos orzamentarios a tal fin destinados.

3.- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Presuposto aprobado e segundo o disposto nas Bases de Execución sempre que non sexan



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf.: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



*competencia do Pleno e autorizar, dispoñer gastos e aprobar facturas salvo nos casos que se indican a continuación cuxo pago será acordado e ordenado pola Alcaldía, calquera que sexa a súa contía, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Local, a saber:*

- *Haberes e retribucións nominativas do persoal municipal de toda clase de conformidade cos acordos corporativos.*
- *Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social, I.R.P.F. e I.V.E.*
- *Os servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquidan segundo ás tarifas oficialmente aprobadas.*
- *Intereses e amortizacións de préstamos así como contratos de transporte a portes debidos.*
- *As anualidades ou mensualidades correspondentes ós contratos de xestión de servizos públicos, publicacións e anuncios.*

### D.b) En materia de ingresos:

- 1.- *Aprobación dos Padróns, matrículas e listas cobratorias de Impostos Municipais, Taxas e Prezos Públicos, recoñecemento de exencións e bonificacións dos tributos locais.*
- 2.- *Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licencias e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno.*
- 3.- *Os acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos, devolución de ingresos indebidos, duplicados, etc.*

### D.c) Aprobación de la Liquidación do Orzamento Municipal.

### D.e) Aprobación de expedientes de incorporación de remanentes de crédito.

### E) EN MATERIA DE BENS:

- 1.- *A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios de presuposto nin os 3.000.000 euros así como o alleamiento do patrimonio que non supere nin a porcentaxe nin a contía indicadas nos seguintes supostos:*

- *A de bens inmóbiles, sempre que estea prevista no presuposto.*
- *A de ben mobles, agás os declarados de valor histórico ou artístico, cando o alleamiento non se atope prevista no Presupuesto.*
- *Autorización para ocupación e uso especial de bens de dominio público.*

### F) EN MATERIA DE PERSONAL:

- 1.- *A aprobación da Oferta de Emprego Público de acordo co Presupuesto e o cadre de persoal aprobados polo Pleno.*

- 2.- *A aprobación das Bases e convocatoria das probas de selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.*

### G) EN OUTRAS MATERIAS:

- 1.- *A solicitude e aceptación de subvencións de calquera Entidade Pública ou Privada, na que a competencia non este atribuída por Lei o Pleno do concello e sempre que o presupuesto da actuación ou do investimento sexa superior a Dez mil (10.000,00) euros.*

- 2.- *A solicitude de delegación de competencias para contratar obras o servizos de competencia da alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.*

- 3.- *As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado e das C.C.A.A. asignen ó Municipio e non llelas atribúa a outros órganos municipais.*

*Terceiro.- A delegación de atribucións referida efectúase reservándose á Alcaldía a posibilidade expresa de avocación de calquera das atribucións por razóns de urxencia, dando conta á Xunta de Goberno Local a efectos de ratificación, sen prexuízo, no seu caso, da publicación que proceda.*

Carto.- Os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en relación coas materias delegadas terán o mesmo valor que as resolucións ditadas pola Alcaldía en exercicio das atribucións que non foran delegadas.

Quinto.- Notificar persoalmente a presente Resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa; e remitir a presente Resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo así como no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da Resolución pola Alcaldía.

Sexto.- Dar conta ó Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, en Lourenzá a vinte nove de xuño do 2015. Segue sinatura.

### **C) DELEGACIÓN DE ÁREAS ESPECÍFICAS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL.**

"Celebradas as eleccións locais o pasado día 24 de maio do 2015 , e sen prexuízo das competencias da Xunta de Goberno Local, pola Alcaldía, considerando que ós efectos dunha maior eficacia na xestión dos diversos servizos municipais faise preciso un reparto de funcións e atribucións, coordinados en todo caso pola Alcaldía- Presidencia da entidade, e polo que ó abeiro do disposto no artigo 61.3 da Lei 5/1997 do 22 de xullo , de Administración Local de Galicia, artigo 21.3. e 23.4 da Lei 7/1.985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 43,44, 45 e 51 do Real Decreto 2.568/1.986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por esta Alcaldía , VEÑO EN RESOLVER:

Primeiro.- Delegar xenericamente a dirección interna e xestión dos servizos das áreas de traballo correspondentes, que non inclúan a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, nas seguintes materias e nos Sres. Concelleiros que se citan:

- ❖ Delegación de Educación, Cultura, Normalización Lingüística e Participación ciudadá: D.Manuel Arango Ron.
- ❖ Delegación de Obras, Urbanismo, Infraestruturas e Tráfico : D. Carlos Rivas Rivas.
- ❖ Delegación de Benestar Social, Sanidade, Emprego e Comercio: Dª. Ma.Mercedes Dengra Sixto..
- ❖ Delegación de Deportes, Xuventude e Festexos: D. Francisco Dasilva Rivas.
- ❖ Delegación de Medio Ambiente, Desenvolvemento Rural e Patrimonio: D.Miguel Castrillón Fernández.

Segundo.- Notificar persoalmente a presente Resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa, e remitir a Resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para su publicación no mesmo así como publicalo no Taboleiro de Anuncios do Concello, en prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á sinatura da Resolución da Alcaldía.

Terceiro.- Dar conta ó Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, en Lourenzá a vinte nove de xuño do 2015. Segue sinatura."



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



### **4º.- DACIÓN DE CONTA DA FORMACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPALES DO P.POPULAR E DO P.S. de G.- P.S.O.E.**

Pola Alcaldía deuse lectura ós dous escritos presentados en relación coa formación dos grupos políticos municipais, un do Partido-Popular e outro do P.S.de G.-P.S.O.E., constituíndose ambolosdous como Grupos Municipais e coa seguinte composición:

#### **A)GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:**

##### **a) Composición:**

- Dª. Emma Álvarez Chao.
- D. Francisco Javier Rodríguez Barrera.
- Dª. Josefa Rodríguez Lorenzo.
- D. Pablo Maseda Fernández.

##### **b) Portavoz:**

Titular: Dª.Emma Álvarez Chao.

Suplente: D. Francisco Javier Rodríguez Barrera.

#### **B)GRUPO MUNICIPAL DO P.S.de G.-P.S.O.E.:**

##### **a) Composición:**

- Dª. Rocío López García.
- D. Manuel Arango Ron.
- D. Carlos Rivas Rivas.
- Dª.Mª.Mercedes Dengra Sixto.
- D. Francisco Dasilva Rivas.
- D. Miguel Castrillón Fernández.

##### **b) Portavoz:**

Titular: D. Manuel Arango Ron.

Suplente: Dª.Rocío López García.

Pola súa parte, a voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, fixo a observación de que o Grupo Municipal do P.S.de G.-P.S.O.E. presentara o seu escrito en papel do concello e ó seu parecer debería telo presentado en papel do partido o en papel branco. En canto a que faltaban sinaturas no escrito aclaróuselle que estaba asinado por todos.

### **5º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA SOBRE:**

#### **A)COMPOSICIÓN DEFINITIVA DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.**

Neste primeiro punto quedou aprobada a COMPOSICIÓN DEFINITIVA da Comisión Especial de Contas, que debe de estar constituída polos membros dos distintos grupos políticos da Corporación tendo que ser o número será proporcional á súa representatividade no Concello e polo tanto debendo conformase por cinco membros, tres do Partido dos Socialistas de Galicia - P.S.O.E, un do Partido Popular e un do Bloque Nacionalista Galego e que unha vez coñecida a identidade do concelleiro deste último partido, sexa a seguinte:

| <b>PRESIDENTE TITULAR</b>              | <b>PRESIDENTE SUPLENTE</b>             | <b>GRUPO POLITICO</b> |
|--|--|-----------------------|
| D. <sup>a</sup> ROCIO LÓPEZ GARCIA     | D. MANUEL ARANGO RON                   | P.S.DE G-P.S.O.E      |
| <b>VOGAIS TITULARES</b>                | <b>VOGAIS SUPLENTES</b>                |                       |
| D <sup>a</sup> FRANCISCO DASILVA RIVAS | D. CARLOS RIVAS RIVAS.                 | P.S.DE G-P.S.O.E      |
| D.MIGUEL CASTRILLON FERNANDEZ          | D <sup>a</sup> . MERCEDES DENGRA SIXTO | P.S.DE G-P.S.O.E      |
| D <sup>a</sup> EMMA ALVAREZ CHAO       | D. PABLO MASEDA FERNANDEZ              | P.POPULAR             |
| D.ANGEL FERNÁNDEZ VILLALBA             | -----                                  | B.N.G.                |

### **B) PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.**

Neste punto do orde do día e coñecido o contido da proposta da Alcaldía, por parte do concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba, propúxose que se retrasaran en media hora a celebración das sesiós ordinarias ó que accederon o resto dos grupos municipais e polo tanto, por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, a periodicidade das sesiós ordinarias será BIMESTRAL e celebraranse o TERCEIRO XOVES dos meses de XANEIRO, MARZO, MAIO, XULLO, SETEMBRO E NOVEMBRO, ás 20,30 horas,e no caso que dito día fora inhábil, celebrarase a sesión o inmediato día hábil posterior.

### **C) INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DE DESPRAZAMENTO**

Seguidamente pola Sra. Alcadesa deuse lectura a súa proposta e tras un breve debate no que por parte do concelleiro do B.N.G. , Sr.Fernández Villalba preguntouse cal era o importe por asistencia as sesiós e se era o mesmo para as sesiós plenarias que para as da Xunta de Goberno Local, e no que, despois de algunha pequena dúbida, informóuselle que ascendía a Setenta (70,00.-) Euros/sesión e que era o mesmo tanto para as sesiós do Pleno como para as da Xunta de Goberno Local; O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU aproba-la proposta da Alcaldía nos termos nos que estaba redactada e que se transcriben a continuación:

"Os Gastos de viaxe en vehículo propio fixaranse en 0,19 Euros/ KM., debendo presentarse conta - liquidación dos quilómetros efectivamente realizados, datas e destino.

Para a xustificación e cobro destas indemnizacións estarase o disposto ó Real Decreto 462/2002 de 24 de Maio sobre indemnizacións por razón do servizo, do Ministerio da Presidencia publicado no BOE. núm.129 de 30/05/2002.



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



As indemnizacións por asistencia ás sesións e os importes das axudas de custo non experimentarán modificación sendo as que figuran nas Bases de Execución do Presuposto Municipal para o presente exercicio 2015. "

### **D) CREACIÓN DA COMISIÓN DE PORTAVOCES DOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

Tamén este punto iniciouse coa lectura por parte da Sra. Alcaldesa da súa proposta sobre a creación da Comisión de Portavoces dos Grupos Municipais, e despois de preguntar o Sr. Fernández Villalba se supoñía algún costo para o concello o que se lle contestou negativamente, O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal ACORDOU aproba-la proposta da Alcaldía nos termos nos que estaba redactada e que se transcriben a continuación:

"Esta Alcaldía propón acorda-la creación, como órgano complementario municipal de carácter informativo a COMISIÓN DE PORTAVOCES DOS GRUPOS MUNICIPAIS que integran a Corporación, que baixo a Presidencia do Sr. Alcalde - Presidente, estará constituída polos portavoces de cada Grupo Político e que en no caso de ausencia do seu titular, sexa este o que nomee un suplente."

### **E) NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO.**

Neste apartado, por parte da Sra. Alcaldesa deuse lectura a súa proposta e tras un breve debate no que por parte da voceira do P.Popular presentouse unha contraproposta na que solicitaba que o pleno acordara nomear como representantes da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense a Dona Rocío López García e a Dona M<sup>a</sup> Emma Álvarez Chao, alegando que "a Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense era un órgano supramunicipal na que están representados todos os concellos da Mariña Lucense, agás Viveiro, sendo a cota de participación de dous concelleiros e sendo na maioría dos concellos dous representantes pertencentes un ao grupo de goberno e outro pertencente ao grupo maioritario da oposición co fin de dar maior pluralidade aos acordos acordados".

O Sr. Arango Ron preguntoulle como fora nas lexislaturas anteriores e a Sra. Álvarez Chao indicou que ela non cambiara nada que o deixara como estaba, os dous representantes do P.Popular, pero que ningún grupo da oposición o pedira, que en Burela, por exemplo, o Alcalde anterior e o novo, o fixeran, e que a ela tamén gustaría que se fixera extensivo ó GDR1.

Por parte da Sra. Alcaldesa contestóuselle que sorprendíalle moito que ó que non fixera o P.Popular en tódolos anos que estivera gobernando e que foran moitos, querían que o fixera o P.Socialista e que non estaban de acordo coa súa emenda de substitución á proposta.

Dado por finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e con seis votos a favor da proposta da Alcaldía, os do P.S. de G.-P.S.O.E., catro

en contra, os do Partido Popular e unha abstención, do B.N.G., esta quedou aprobada sendo o seu contido literal o que segue:

1.- FUNDACIÓN SAN SALVADOR:

- Dña. Rocío López García.
- Dña. Ma. Mercedes Dengra Sixto.

2.- CONSELLO ESCOLAR:

- Titular: D. Manuel Arango Ron.
- Suplente: Dña. Rocío López García.

3.- MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUCENSE:

- Dña. Rocío López García.
- D. Francisco Dasilva Rivas.

4.-GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL GDR1 MONDOÑEDO

- Dña. Rocío López García.
- D. Miguel Castrillón Fernández.

Nos demais órganos será a Alcaldía o representante da Corporación.  
Non obstante a Corporación acordará o que estime pertinente."

**6º.-PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Chegado ó último punto da orde do día, e abríndose o debate, despois de que pola Alcaldía se dera lectura a súa proposta, por parte do concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba, manifestouse que sorprendíalle o contido da proposta dun partido que na súa campaña electoral dixerá que ía ser un goberno de transparencia e que con isto facían e todo o contrario e que estaban actuando como o fixera o P.Popular.

Por parte da Sra. Alcaldesa manifestouse que eles estaban abertos ó debate para calquera tema e en todo momento, e o Sr. Arango Ron, voceiro do P.S. de G.-P.S.O.E., indicou que todo ía a ser público e que a delegación facíase por razóns de eficacia e operatividade.

A voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, indicou que o seu grupo ía absterse porque eles tamén o tiñan delegado e por coherencia pero que estaba de acordo co manifestado polo concelleiro do B.N.G., porque así a oposición podía participar e votar.

O Sr. Arango replicoulle que o grupo popular nunca fora transparente nin participativo e que agora chamáballe a atención que se quixera arrimar nestes temas ó grupo da oposición.

Finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e con seis votos a favor, os do P.S. de G.-P.S.O.E., catro abstencións, as do Partido Popular e un voto en contra, do B.N.G., aprobou a proposta da Alcaldía nos termos nos que estaba redactada sendo o seu contido literal o que segue:



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



**"Dña. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa - Presidenta deste Concello á vista do disposto no artigo 51.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais aprobado por R.Decreto 2568/86 de 28 de novembro, propone ó Pleno a adopcións dos acordos seguintes en relación coa delegación de atribucións das competencias plenarias na Xunta de Goberno Local:**

**PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local, por razón de eficacia e operatividade, as seguintes competencias dentro das que legalmente son delegables, e que ten atribuídas o Pleno no artigo 22 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local:**

1.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenarias así como a declaración de lesividade dos actos do concello.

2.-A concertación de operacións de crédito cando a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do presupuesto , agás as de Tesourería, que lle corresponderan cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.- O recoñecemento extraxudicial de créditos sempre que non exista dotación presupostaria.

4.- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados que de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, excepto os contratos de concesión de servizos que excedan de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento, xa que de conformidade co artigo 47.2 j) da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, a adopción do correspondente acordo esixe un quórum especial.

5.- As competencias en materia de adquisición de bens inmóbiles e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial que corresponden ao Pleno de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

6.- As competencias en materia de alleamento de patrimonio que corresponden ao Pleno do Concello de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, coa excepción do alleamento dos bens declarados de valor histórico ou artístico así como dos ben tanto móbiles como inmóbiles cuxa contía excede do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ao esixir a adopción do correspondente acordo quórum especial, de conformidade co establecido no artigo 47.2m) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

7.- Todas as competencias en materia de concesións sobre os bens municipais que corresponden ao Pleno do Concello , de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, excepto as concesións por máis de cinco anos, sempre que a súa contía excede do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ao esixir a adopción do correspondente acuerdo quórum especial, de conformidade co establecido no artigo 47.2 j) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

8.- A aprobación dos proxectos de obras e/ou servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando áinda non estean previstos nos presupostos.

9.- *Iniciación, tramitación e resolución dos expedientes de expropiación forzosa e solicitude á Xunta de Galicia de declaración de urxente ocupación.* 10.- *A solicitud de calquera tipo de subvención ou axuda económica destinada á execución de obras, servizos ou abastecementos, agás as que sexa necesario acordo plenario.*

11.- *Aceptación de subvencións ou aprobacións de Convenios outorgados co gallo das solicitudes tramitadas en exercicio da delegación a que se fai referencia no apartado anterior.*

12.- *Aquelas outras que expresamente lle atribúan as leis agás as que requirán un quórum especial dos membros da Corporación para adopción de acordos.*

**SEGUNDO.**- *As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as propias que correspondan ao órgano deléante, e inclúen expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición interpostos contra os actos ditados polo órgano delegado, reservándose, non obstante, expresamente o Pleno da Corporación, conforme ao establecido nos artigos 14 da lei 30/92 de 26 de novembro e artigos 44.1 e 116 do R. Decreto 2568/1986 , a facultade de abocar en calquera momento a competencia sobre calquera asunto ou materia obxecto de delegación. Neste sentido os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.*

**TERCEIRO.**- *O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral na Lei 30/1992 de 26 de novembro e os artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

**CARTO.**- *A presente delegación de atribucións surtirá efecto a partir do día seguinte ó da adopción do preceptivo acordo municipal, se procede, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 51.2 do R. D.2568/86 de 28 de novembro, así como na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013 de 9 decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

*Non obstante o Pleno acordará o que estime conveniente. Lourenzá, 7 de xullo do 2015. Segue sinatura."*

Una vez rematado o debate dos puntos incluídos na orde do día, por parte da Sra. voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, solicitouse que fora incorporada ó orde do día, con carácter urxente, a moción rexistrada polo seu grupo con data 9 de xullo do ano en curso e relativa a promover a exposición da obra de D. Paulino Pérez Varela na próxima celebración da Festa da Faba, aludindo ó disposto no artigo 82 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Por parte da Secretaría - Intervención indicouse que non procedía a declaración de urxencia nos plenos extraordinarios e que polo tanto sería nulo de pleno dereito o acordo adoptado nunha sesión extraordinaria sobre un asunto non incluído na orde do día e que, en consecuencia, xa non procedía o seu debate e non o ía transcribir na acta.



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldía levantouse a sesión sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos (20,55) e estendéndose do seu resultado a presente acta, reflexo dos feitos acaecidos na mesma e que, como Secretaria, dou fe.

Vº e Pr.

A Alcadesa- Presidenta,



A Secretaria - Interventora ,



